



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, con número de rexistro **29321**, que será debatida na Comisión 6ª, o vindeiro 29 de maio de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

a) Impulsar un programa formativo específico para concienciar ás e aos directivos e ás e aos empresarios sobre as oportunidades e vantaxes competitivas asociadas á transformación dixital. Así mesmo, este parámetro incluírase nos programas formativos desenvolvidos para as empresas ao abeiro dos instrumentos públicos autonómicos.

b) Reforzar as axudas á innovación duplicando a súa contía para os vindeiros orzamentos da Xunta de Galiza.

c) levar a cabo a través da Consellaría de Economía, Emprego e Industria e de Facenda, o IGAPE, AGAIN e o Consello Económico e Social unha planificación sobre os instrumentos de financiamento que debe desenvolver a Xunta de Galiza para que as pequenas e medianas empresas poida afrontar a dificultade no acceso ao crédito para



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 11:39
Nº Rexistro: 31398
Data envío: 28/05/2018 11:39:54.000

desenvolver a súa adaptación dixital. A proposta presentarase e debaterase no Parlamento Galego no prazo límite de 4 meses.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 10:47:25

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 10:47:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31434
Data envío: 28/05/2018 14:11:53.140

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, con número de rexistro **29323**, que será debatida na Comisión 6ª, o vindeiro 29 de maio de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a mellorar as súas políticas de impulso do uso da marca Artesanía de Galiza nos establecementos comerciais e na comercialización dixital, coa finalidade de contribuír á súa visibilidade, fidelización e prestixio. Para isto desenvolverase e orzaranse unha liña de axudas específicas para fomentar a inclusión da marca Artesanía de Galiza nos materiais propios de distribución das e dos artesáns galegos (envoltorios, paquetes para o envío, boletíns dixitais, etc). Para o desenvolvemento das actuacións derivadas desenvolveranse obradoiros formativos para a integración das marcas con criterios de comunicación e publicidade.”

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 16:30
Nº Rexistro: 31434
Data envío: 28/05/2018 14:11:53.140

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 14:11:22

Grupo Parlamentario

Á Mesa da Comisión 6ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, sobre o impulso polo Goberno galego dun programa formativo específico para concienciar os directivos e empresarios respecto das oportunidades e as vantaxes competitivas asociadas á transformación dixital (doc. núm. 29321).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes novos parágrafos:

- Desenvolver un programa de apoio coordinado entre o Igape, Again, a Dirección Xeral de Comercio e Amtega, que permita optimizar os fondos públicos empregados na modernización tecnolóxica das empresas e autónomos.
- Un programa que permita financiar as asistencias técnicas necesarias para implantar os sistemas tecnolóxicos necesarios, así como a propia organización empresarial e dos procesos de produción e de comercialización.
- Que este programa estableza liñas específicas de axuda para Pemes.
- Que este programa estableza liñas específicas de axuda para micro-empresas.
- Que este programa estableza liñas específicas de axuda para autónomos unipersoais.

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/05/2018 13:57:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/05/2018 13:58:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa da Comisión 6ª

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o impulso polo Goberno galego do uso da marca “Artesanía de Galicia” nos establecementos comerciais, co fin de contribuír á mellora da súa visibilidade e comercialización (doc. núm. 29323).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir o seguinte parágrafo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a recuperar a contía orzamentaria de apoio á artesanía do ano 2010.

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/05/2018 16:48:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/05/2018 16:48:13

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre os informes e estudos que debe realizar a Xunta de Galicia antes de autorizar a implantación de novas grandes superficies comerciais (doc. núm. 27118).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a, de acordo co regulado na Lei de ordenación do territorio, se realice un plan sectorial de equipamento comercial de Galicia, ca participación activa dos concellos, para adecualo aos seguintes obxectivos de interese xeral:

- a) Garantir unha adecuada protección dos contornos urbano, que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación, a protección do medio ambiente, así como a igualdade das persoas dependentes á referida oferta comercial.
- b) Introducir de forma progresiva e harmónica os novos sistemas de venda e comercialización.
- c) Establecer os criterios e cuantificar as reservas de solo para equipamento comercial, para a súa consideración na elaboración e revisión do futuro planeamento urbanístico.

Pazo do Parlamento, 28 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/05/2018 17:35:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 17:36
Nº Rexistro: 31461
Data envío: 28/05/2018 17:36:05.150



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/05/2018 17:35:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Moisés Blanco Paradelo, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia **10/PNC-001424(17111)**, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun programa de apoio, coordinado entre o Igape, Again, a Dirección Xeral de Comercio e Amtega, que permita a optimización dos fondos públicos empregados na modernización tecnolóxica das empresas e autónomos.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia que:

1. Dea continuidade ao programa ReAcciona TIC, que permita optimizar os fondos públicos empregados na modernización tecnolóxica das empresas e autónomos.
2. Este programa permitirá financiar os servizos necesarios para implantar os sistemas tecnolóxicos necesarios, así como a propia organización empresarial e dos procesos de produción e de comercialización.
3. Que este programa se oriente especificamente ás pequenas e medianas empresas, incluíndo microempresas e autónomos unipersoais.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/05/2018 17:38:23

Moisés Blanco Paradelo na data 28/05/2018 17:39:02